

7.1.- VICTORINO PEREZ PRIETO - «GALEGOS E CRISTIÁNS», EDIT. SEPT, 1995, PXS. 375.

O sacerdote da nosa Diócese, Victorino Pérez Prieto, ven de publicar este segundo libro sobre un tema ó que el adicou xa outro estudio -»A xeración Nos. Galeguismo e relixiosidade» e abondas colaboracións na revista «Encrucillada», no semanario «Irimia» e no xornal «El Progreso». Trátase de presenta-la relación entre fe e galeguidade, tal como foi vivida por toda unha serie de figuras do pasado -desde a monxa Exeria ata a Xeración «Nós»-, e tamén do noso presente, no que se sitúan e analizan as vivencias dalgúns membros da Igrexa -bispos, curas e monxas-, e doutros escritores significativos.

A nosa Diócese vese especialmente reflexada neste libro, a partir de Mons. Araújo, dos poetas Noriega Varela, Alvaro Cunqueiro e Díaz Castro, do grupo de «Irimia» (Chao Rego, Miguélez, Regal...) e doutros nomes máis ou menos familiares.

Esta escolma de testemuños e opinións axuda a comprobar que «ser cristián vivíndose galego, e ser galego alimentado no Evanxeo son as raíces últimas do compromiso co noso país» (Torres Queiruga): unha nobre causa que encontrou en Victorino Pérez Prieto un oportuno pregoeiro.